

27/04/2026

NOTIFICACIÓNS DE ACTUACIÓNS

Cryphonectria parasitica (CANCRO DO CASTIÑEIRO)



A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA), traballa no desenvolvemento do PROGRAMA DE LOITA BIOLÓXICA PARA O CONTROL DO CANCRO DO CASTIÑEIRO provocado polo fungo ascomiceto *Cryphonectria parasitica*.

As cepas hipovirulentas inoculadas nun cancro activo poden producir a cicatrización do mesmo, o virus pode pasar dunha cepa hipovirulenta a outra virulenta grazas á anastomose hifal, mecanismo polo que un fungo intercambia información con outro co que entra en contacto sempre que sexan compatibles. Unha vez que a hipovirulencia se establece nunha árbore, as esporas hipovirulentas desprázanse a outras árbores. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realizaranse inoculacións segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.

Durante a primavera e o outono realízanse inoculacións de cepas hipovirulentas (hv) de maneira gratuíta. Para participar no programa de distribución de cepas hipovirulentas durante o ano 2026 deberá cubrir a solicitude que se atopa na páxina web <https://savfor.xunta.gal/>

Durante a semana do 27 ao 30 de abril realizaranse tratamentos en:

PROVINCIA	CONCELLOS
LUGO	BÓVEDA
	FOLGOSO DO COUREL
OURENSE	LAZA
	RIÓS

